

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

[

*CENTRO: CEIP SAN XOÁN
BAUTISTA*

CURSOS: 1º,2º,3º E 4º

MATERIAS: SOCIAIS E NATURAIS

DATA: 8/5/2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
 2. **Avaliación e cualificación.**
 3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
 4. **Información e publicidade.**
-

1. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

CA	EA	C_Clave
CIENCIAS DA NATUREZA-1º		
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados.	CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma escrita, de maneira limpa, clara e ordenada.	CAA, CCL, CSIEE, CCEC, CD
	CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CMCCT, CSIEE
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CMCCT, CSC
	CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	CMCCT, CSC
	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT, CCL, CSC
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Leva vida saudable cunha alimentación adecuada.	CMCCT, CSC
	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	CMCT, CSC
B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo.	CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas	CMCCT, CSIEE
B3.1. Identificar e explicar	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais .	CMCCT, CCL

as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	CMCCT, CCL
	CNB3.1.3. Amona condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CMCCT

CA	EA	C_Clave
B3.2. Observar e identificar, algún ser vivo no seu medio natural e comunicar de xeito escrito os resultados.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos .	CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CD
B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica.	CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos.	CMCCT, CSC, CSIEE
	CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga.	CMCCT, CSC
B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos , describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas.	CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC, CCL,
	CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC, CSIEE
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o uso.	CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	CMCCT, CD, CCL
	CNB5.2.2. Emprega o ordenador guiada e fai bo uso.	CMCCT, CD

CIENCIAS SOCIAIS-1º

CA	EA	C_Clave
B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL,CSC CMCCT,
B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.1.Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	CMCCT, CD, CAA
	CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna.	CMCCT, CCL

B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga experimentadas a través dos sentidos.	CSB2.2.1.Describe as características principais do aire e da auga.	CMCCT, CCL,CAA
B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten.	CSB2.3.1.Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima.	CMCCT, CSC, CCL
B2.4.Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa.	CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CMCCT, CD, CCL
B2.5.Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local.	CSB2.5.1.Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.	CMCCT, CAA
B2.6.Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia do Sol para a vida.	CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	CMCCT, CCL
B2.7.Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	CMCCT, CAA

B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1.Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	CMCCT, CAA
B2.9. Valorar a importancia do coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	CSC, CMCCT
B3.1.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar, identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas.	CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	CMCCT, CSC, CAA
B3.2.Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	CSB3.2.1.Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven	CMCCT, CSC, CCL
CA	EA	C_Clave
B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia.	CSC
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	CMCCT, CAA
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.4.2.Identifica diferentes tipos de vivendas e descríbeseas	CCL, CCEC
B3.6.Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	CCL, CMCCT
B3.7.Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón para unha circulación óptima pola rúa.	CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT, CAA
B3.8.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB3.7.1.Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns.	CSC, CAA
B4.1.Ordenar temporalmente a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e as unidades de medida temporais básicas.	CSB3.8.1.Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	CCEC, CSC, CCL
	CSB4.1.1.Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades do tempo máis básicas..	CSC, CAA, CCL

B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares.	CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSC, CAA, CCL
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.	CMCCT, CCL

CA	EA	C_Clave
CIENCIAS DA NATUREZA-2º		
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros.	CMCCT, CCL, CSC
	CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	CMCCT
	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CMCCT, CSC, CCL
B2.2. Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.	CMCCT, CSC, CAA
	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	CMCCT, CSC
B2.3. Deseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables .	CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios aplica o menú semanal de merendas.	CMCCT
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, ea o seu contorno.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.	CMCCT, CCL
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, e o contorno.	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas da súa contorna.	CMCT, CCL
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno.	CMCCT, CSC
	CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.	CMCCT, CSC

	CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situación que poden xerar risco	CMCCT, CSC
B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e cuidando o seu uso.	CNB5.2.1. Identifica e describe as partes dun ordenador.	CMCCT, CD, CCL
	CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fa ibo uso.	CMCCT, CD

CIENCIAS SOCIAIS-2º

CA	EA	C_Clave
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL, CMCCT, CSC
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable	CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	CMCCT, CD, CCL
	CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	CSC
B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.	CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	CMCCT, CD, CAA
B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	CMCCT, CSC, CCL
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	CMCCT
	CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	CMCCT, CCL
	CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.	CMCCT, CSC
B2.6. Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha característica máis significativa destes.	CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	CMCCT, CCL

CA	EA	C_Clave
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre unha localidade e un municipio.	CSC, CCL
B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros, policía...	CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.	CSC, CCL
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica	CSC, CCL
B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras máis representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación.	CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	CSC, CCL, CCEC
B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	CSC, CCL
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	CSC, CCL
	CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e servizos.	CSC, CAA
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou peón nos medios de transporte.	CSC, CCL, CAA
	CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	CSC
B4.2. Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo e manexo.	CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.	CMCCT, CAA

CA	EA	C_Clave
B4.4.Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea e a importancia da súa conservación.	CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.	CSC, CCEC
B4 5.Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións.	CCL, CSC
	CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.	CSC, CCEC



CIENCIAS SOCIAIS 3º PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándares	C.C.
CS-B1.1	3º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica por escrito.	CAA CCL CD CMCCT
CS-B1.1	3º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades	CSIEE CAA CMCCT
CS-B2.15	3º-CSB2.15.1 - Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	CSC CCL
CS-B2.15	3º-CSB2.15.3 - Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.	CSC CCL
CS-B3.1	3º-CSB3.1.1 - Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	CSC CCL
CS-B4.3	3º-CSB3.1.1 - Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.	CSC CCEC
CS-B3.2	3º-CSB3.2.1 - Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC CEC
CS-B3.4	3º-CSB3.4.1 - Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	CMCCT CCL
CS-B3.5	3º-CSB3.5.1 - Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.	CSC

CS-B4.1	3º-CSB4.1.1 - Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico.	CMCCT CAA
CS-B4.1	3º-CSB4.1.2 - Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.	CMCCT CAA
CS-B4.2	3º-CSB4.2.1 - Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.	CMCCT CCEC
CS-B4.2	3º-CSB4.2.2 - Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.	CSC CCEC
CS-B4.3	3º-CSB4.2.3 - Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.	CSC CCL
CS-B4.4	3º-CS4.4.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CSC CCEC

CIENCIAS SOCIAIS 4º PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándares	C.C.
CS-B1.1	4º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA CD CMCCT CCL
CS-B1.1	4º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de	CSIEE CAA

	accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	
CS-B1.1	4º-CSB1.1.3 - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CAA CCL CMCCT
CS-B1.3	4º-CSB1.3.3 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL CD CMCCT CSC
CS-B2.1	4º-CSB2.1.1 - Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	CMCCT CAACCL
CS-B3.1	4º-CSB3.1.1 - Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.	CSC CCL
CS-B3.2	4º-CSB3.2.1 - Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.	CSC CCL
CS-B3.2	4º-CSB3.2.2 - Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	CSC CCL
CS-B3.3	4º-CSB3.3.1 - Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.	CSC CCL
CS-B3.4	4º-CSB3.4.1 - Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC CCL
CS-B3.5	4º-CSB3.5.1 - Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos.	CSC CCL
CS-B3.6	4º-CSB3.6.1 - Explica normas básicas de circulación e as consecuencias	CSC CCL

	derivadas do descoñecemento ou incumprimento	
CS-B3.6	4º-CSB3.6.2 - Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, reconece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar a persoa condutora...)	CSC CCL
CS-B4.1	4º-CSB4.1.1 - Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.	CSC CMCCT CCL
CS-B4.1	4º-CSB4.1.2 - Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.	CSC CCEC CCL
CS-B4.2	4º-CSB4.2.1 - Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.	CSC CMCCT CAA
CS-B4.3	4º-CSB4.3.1 - Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C	CMCCT CSC
CS-B4.4	4º-CSB4.4.2 - Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	CCEC CSC CCL
CS-B4.4	4º-CSB4.4.3 - Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	CSC CCEC CCL
CS-B4.4	4º-CSB4.4.4 - Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	CMCCT CSC CCEC
CS-B4.5	4º-CSB4.5.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e	CSC CCEC

	mellora.	
CS-B4.6	4º-CSB4.6.1 - Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC CCEC

CIENCIAS NATURAIS 3º

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CN-B1.1	<i>3º-CNB1.1.1 - Busca, sselecciona e organiza a información importante,obtén conclusións e comunica o resultado de forma escrita de maneira ordenada, clara e limpa.</i>
CN-B1.1	<i>3º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación,planificación e execución de acción e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</i>
CN-B1.2	<i>3º-CNB1.2.1 - Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información</i>
CN-B2.1	<i>3º-CNB2.1.2 - Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.</i>
CN-B2.2	<i>3º-CNB2.2.1 - Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.</i>

<p>CN-B2.3</p>	<p>3º-CNB2.3.1 - Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.</p>
<p>CN-B2.3</p>	<p>3º-CNB2.3.2 - Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.</p>
<p>CN-B3.1</p>	<p>3º-CNB3.1.1 - Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico</p>
<p>CN-B3.1</p>	<p>3º-CNB3.1.3 - Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.</p>
<p>CN-B3.2</p>	<p>3º-CNB3.2.1 - Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes</p>

CN-B3.2	3º-CNB3.2.2 - <i>Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</i>
CN-B4.1	3º-CNB4.1.1 - <i>Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.</i>
CN-B4.1	3º-CNB4.1.2 - <i>Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.</i>
CN-B4.2	3º-CNB4.2.1 - <i>Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.</i>
CN-B4.2	3º-CNB4.2.2 - <i>Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.</i>
CN-B4.3	3º-CNB4.3.2 - <i>Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.</i>

<p>CN-B5.1</p>	<p>3º-CNB5.1.1 - <i>Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián máquinas de uso cotián na na escola analizando o escola. seu funcionamento.</i></p>
<p>CN-B5.1</p>	<p>3º-CNB5.1.2 - <i>Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.</i></p>
<p>CN-B5.2</p>	<p>3º-CNB5.2.1 - <i>Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</i></p>

CIENCIAS NATURAIS 4º

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CN-B1.1	4º-CNB1.1.1 - Busca,selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.
CN-B1.1	4º-CNB1.1.2 - Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
CN-B1.1	4º-CNB1.1.3 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
CN-B1.1	4º-CNB1.1.4 - Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos
CN-B1.2	4º-CNB1.2.2 –Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contido.
CN-B2.2	4º-CNB2.2.3 - Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención
CN-B2.3	4º-CNB2.3.1 - Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.
CN-B4.1	4º-CNB4.1.1 - Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá
CN-B4.1	4º-CNB4.1.2 – Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.

CN-B4.2	4º-CNB4.2.1 – Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz .
CN-B4.3	4º-CNB4.3.2 - Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.
CN-B5.1	4º-CNB5.1.1 - Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.
CN-B5.1	4º-CNB5.1.2 – Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.
CN-B5.2	4º-CNB5.1.2 - Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<u>Procedementos</u> : O procedemento que se empregará neste trimestre será a análise das producións e traballo do alumnado.
	<u>Instrumentos</u> : Caderno de clase no que sigue facendo as actividades subidas á aula virtual, fotocopias facilitadas e conexión á aula virtual.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final, para facer “media” coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación. Nunca se poderá minorar a cualificación obtida polo alumnado na primeira e na segunda.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	A través da Aula Virtual, e para as familias con problemas de conectividade a Internet por fotocopias dende o concello.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen)	<u>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE</u> : Cada semana cargamos as explicacións e as actividades na aula virtual (coordinándonos co resto do profesorado)

conectividad)	<u>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE</u> : Cada semana envíaselle ao concello os documentos coas explicacións e as actividades (coordinándonos todo o profesorado). O concello reparte as fotocopias entre as familias e de paso recolle os traballos feitos polo alumnado.
Materiais e recursos	LIBROS DE TEXTO. O concello levou a cada familia a totalidade dos libros de texto. FICHAS. Escaneadas ou baixadas de Internet. ENLACES A PÁXINAS OU VÍDEOS DA REDE. AULA VIRTUAL E CORREO ELECTRÓNICO.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Subirase á páxina web do centro e comunicarase ás familias que está á súa disposición para consultala.